

## A Ribeira Sacra vista de cerca a través dun teléfono móbil

O realizador Xosé Luís Martínez gravou na zona un documental utilizando unha peculiar técnica

FRANCISCO ALBO  
MONFORTE / LA VOZ

Un teléfono móbil dun modelo do 2010 foi a principal ferramenta utilizada na gravación do documental *A Ribeira Sacra e o neno da ponte*, unha obra dirixida polo realizador audiovisual e guionista Xosé Luís Martínez Carneiro que foi editada recentemente no portal Youtube. Natural da comarca da Limia, Martínez mantén desde hai tempo unha relación estreita coa Ribeira Sacra e con este traballo, segundo explica, quixo render unha homenaxe ao territorio e aos seus habitantes, ademais de contribuír á súa promoción. O filme, falado en galego e subtítuloado en castelán, ten unha duración de 41 minutos e foi realizado sen ánimo de lucro, segundo precisan os créditos.

O feito de recorrer a un móbil para realizar a filmación —segundo indica o autor—, obedece á intención de «non intimidar» ás persoas que participan no documental. «Utilizando cámaras e micrófonos, aínda que

sexan de tipo caseiro, é moito máis difícil conseguir a atmosfera de intimidade que eu buscaba», apunta Martínez. «O que pretendía era que a xente falase con total desenvoltura e coa proximidade dunha conversa informal entre amigos, e para iso pareceume moito máis apropiado utilizar este pequeno aparello que non ten nin catro centímetros cadrados, porque é máis fácil esquecerse de que está aí e falar con naturalidade», engade. O realizador sinala que unha boa parte da gravación foi feita sen que el tivese o móbil nas súas mans. «As veces deixei o aparello colocado sobre unha pipa de viño ou noutro lugar para que fose gravando mentres nos enfrascábamos nas conversas», indica.

### Asuntos variados

No documental aparecen varios adegoiros e viticultores, pero os diálogos que recolle o filme non tratan unicamente sobre os viños e a viticultura. «Fálase tamén da vida en xeral, da educación, dos maiores, dos fillos ou do futuro deste territorio», apunta Xosé Luís Martínez. O realizador apunta a a este respecto que desde hai un par de anos mantén unha relación de amizade con todos os protagonistas do filme e que con este traballo quixo reproducir coa maior fidelidade posible o ambiente das conversas que tiño con eles desde entón. O autor do documental considera que o



O adegoeiro e enólogo chantadino Roberto Regal nunha imaxe do documental

O uso dun aparello pequeno pretende conseguir un efecto de intimidade e desenvoltura

obxectivo que se propuxo ao iniciar o experimento quedou plenamente conseguido. «Quería reflectir a proximidade, a paixón e o cariño que a xente da Ribeira Sacra sente pola súa terra e estou moi satisfeito do resultado», afirma a este respecto. «É un poema visual sobre unha xente e unha terra», agrega.

A gravación levouse a cabo entre setembro do 2015 e o pasado xuño. As conversas cos protagonistas desenvólvense en lugares como viñedos, adegas e casas particulares, e tamén no Ecomuseo de Arxeriz.

## A única excepción, unhas vistas aéreas das paisaxes fluviais captadas coa axuda dun dron

Se ben a maior parte de *A Ribeira Sacra e o neno da ponte* foi gravada cun móbil, hai algunhas tomas que se realizaron coa axuda dun dron. «Esas imaxes son as únicas que se gravaron con outro aparello e tomeime a licenza porque neses fragmentos non se oe falar a ninguén», explica Xosé Luís Martínez. «Quixen dar unha idea da espectacularidade das paisaxes da Ribeira Sacra e para iso son especialmente indicadas as vistas aéreas», puntualiza.

O filme reflicte tamén outras paisaxes da zona en imaxes captadas co móbil. As seccións que recollen conversas foron gravadas principalmente en Chantada e Taboada, pero outras par-

tes do documental foron gravadas en diferentes escenarios, como O Saviñao e o canón do Sil.

Martínez sinala por outra parte que o documental está a libre disposición de todos os que o queiran utilizar —sempre que non sexa con fins comerciais— para dar a coñecer a Ribeira Sacra. O realizador está planificando actualmente outro proxecto audiovisual relacionado con este territorio que revestirá un carácter moi diferente, aínda que na súa elaboración tamén terán un papel importante os teléfonos móbiles. «Espero que este novo traballo poida quedar terminado para o outono do ano próximo», pronostica.

JESÚS RÍO RAMILO PÁRROCO DA ERMIDA E ESCRITOR

## «O Courel foi o maior couto da Orde de Santiago»

Jesús Río presentará en novembro un estudo sobre a historia local que abarca un período de oito séculos

F.A.  
QUIROGA / LA VOZ

O sacerdote Jesús Río Ramilo, que se ocupa da parroquia quirogesa do Courel, acaba de publicar o libro *O Courel bajo la cruz de Santiago*, que será presentado o 6 de novembro en Folgoso —ás 13 horas— durante a Festa da Castaña do Courel. A obra é a primeira que se dedica de forma exclusiva á presenza da orde monástico-militar de Santiago na zona.

—¿Que época histórica abranxe este estudo?

—Desde o século XII ata o XIX,

que é o período no que existiu o couto da Orde de Santiago no Courel. Hai un documento que data a creación deste couto o 25 de marzo de 1181. Esas terras foron doadas á Orde de Santiago por un nobre chamado Nuno Peláez. O territorio do couto cubría todas as parroquias do actual municipio de Folgoso do Courel —excepto a de Vilamor, que dependía do bispado de Lugo— e tamén a de Pacios da Serra, que hoxe pertence a Quiroga. Foi a maior posesión desta orde en toda Galicia e non desapareceu ata a Desamortización de 1835.

—¿Como era gobernado ese territorio?

—A estrutura eclesiástica depen-



Jesús Río

día ao principio do priorado de Vilar de Donas, en Palas de Rei, que rexía todas as posesións da orde no reino de Galicia. Despois creáronse outros priorados e o do couto do Courel estivo na igrexa de Meirós. Durante todo ese tempo era a Orde de Santiago quen nomeaba aos párrocos nas súas posesións, e non os bispos. A xurisdición civil estaba en mans da Encomenda da Barra, que estaba a un par de quilómetros de Ourense. Pero desde o século XV os coutos galegos da orde pasaron a ser gobernados por administradores locais, mentres que os dirixentes das súas encomendas vivían normalmente en Castela.

—¿Quedan moitas pegadas materiais da Orde de Santiago no Courel?

—Son moi numerosas. Praticamente en todas as igrexas da zona hai cruces de Santiago escul-

pidas nos retablos e noutros lugares. Unha pegada moi importante é o castelo de Carbedo, na parroquia de Esperante, que era unha posesión da orde. E tamén están as ferreirías que funcionaron no Courel ata finais do século XIX. Non foron construídas pola Orde de Santiago, pero esta entidade arrendou terras para que outros as puidesen edificar.

—¿Que relación tiña esta zona cos camiños de Santiago?

—Pola serra pasaba unha ruta que subía polo Lor e ía por Secceda para unirse ao Camiño Francés en Sarria. Polo sur enlazaba co Camiño de Inverno en Quiroga. Había outra ruta que entraba desde o Bierzo por Ferramulín e ía cara a Samos polo Lóuzara. Por estes camiños tamén pasaron peregrinos, que nos tempos antigos non ían unicamente polas rutas que podemos chamar oficiais, como sucede agora.

## A Festa da Castaña celebrarase entre o 5 e o 6 de novembro

Este é o programa da 29 edición da Festa da Castaña do Courel, que se celebrará este ano en Folgoso. A celebración terá lugar no Souto da Carroza, onde haberá postos de polbo e churrasco.

**Día 5.** As 21 horas haberá unha pancetada popular. As once da noite comezará unha verbena animada polo grupo Tribal.

**Día 6.** A xornada iniciárase ás doce do mediodía cunha actuación de gaiteros e cantores. Ao mesmo tempo comezará unha degustación gratuita de castañas asadas e viño. As 13.30, despois da presentación do libro de Jesús Río, o cantante Davide Salgado pronunciará o pregón da festa. O mesmo artista ofrecerá seguidamente unha actuación. Ao mediodía é pola tarde actuará tamén unha charanga.